

MÁIS DE 200 PERSOAS ASISTEN Á PRESENTACIÓN DE “POR LA CALLE DE SAN MARCOS”, A NOVA OBRA DE JULIO REBOREDO

- Máis de 200 persoas da sociedade luguesa ateigaron o salón de actos da Deputación de Lugo para asistir á presentación do ensaio **POR LA CALLE DE SAN MARCOS** do profesor Julio Reboredo Pazos.
- No acto interviron, á parte do autor, o historiador Antonio Prado, e o editor Henrique Alvarelos.
- autor, catedrático de ensino secundario e especialista en Historia Contemporánea, aporta documentación inédita con máis de 200 fotografías e ilustracións da vida luguesa.



Público presente no acto.

O Salón de Actos do Palacio de San Marcos, sede da Deputación Provincial de Lugo, acolleu a presentación do ensaio **POR LA CALLE DE SAN MARCOS. BIOGRAFÍA DE UNA RÚA LUCENSE** do profesor Julio Reboredo Pazos. Máis de 200 persoas asistiron a un acto no que interviron o autor, o historiador Antonio Prado e o editor Henrique Alvarelos.

O ensaio **POR LA CALLE DE SAN MARCOS. BIOGRAFÍA DE UNA RÚA LUCENSE** detense nos dous últimos séculos da historia de Lugo ao seu paso por esta emblemática vía. Unha obra ilustrada con 235 imaxes (moitas delas, inéditas, procedentes do arquivo persoal do autor), poboada por medio milleiro de personaxes, documentación rigorosa, amplo anecdotario, e un relato amenísimo que engaiola ao lector e o transporta, desde as orixes da rúa até converterse no espazo urbano que chega aos nosos días.

O historiador Antonio Prado subliñou que esta obra “é un libro de microhistoria, do que o autor chama “egohistoria”. Fálanos da xente con historia. Insiste no papel do particular. E rescate nomes esquecidos como Nemesio Cobreros, Aureliano J. Pereira, Pedro Gasalla ou Amor Meilán”.



O editor quixo facer fincapé na súa relación alumno-mestre co autor: “Neste libro está aquel profesor de Instituto que eu coñecín no curso 1983-84: brillante, intuitivo, narrador nato, ameno, orixinal. Facendo da historia un engaiolante xogo de eixes transversais, indo do dato particular á macro-historia”.

O autor asina exemplares ao remate da presentación.

Finalmente o autor agradeceu, na súa intervención, o apoio de todas as persoas que o axudaron na elaboración desta obra.

Área de Comunicación

Alvarellos Editora

T. 981 522 137 | 609 90 88 52

correo@alvarellos.info